

## PEZA DO MES

decembro


2020

---



**CUEVILLAS E  
A XEIRA DE DEZA**

XUNTA DE GALICIA



PLANTA E ALZADO DOS CASTROS DE SESTELO E AQUILADO, LALÍN. FEITOS PARA TERRAS DE DEZA. © MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL DE OURENSE

## Cuevillas e a Xeira de Deza

As xeiras foron unha das expresións máis xenuínas e orixinais da forma de traballar do Seminario de Estudos Galegos, entidade na que estaban integrados os membros da Xeración Nós. Consistían en excursións científicas nas que as diferentes seccións do SEG se dedicaban a investigar diversos aspectos do territorio obxecto de estudo, contribuíndo a uns resultados nos que prima o enfoque integral, a multidisciplinabilidade e a interdisciplinabilidade. En palabras de Filgueira Valverde, as xeiras: «*non eran só atraíntes caminatas, a medir e fotografar campos de mámoas, igrexas e pazos, recollendo insectos, vexetais e minerais, inquirindo nos arquivos, falando cos paisanos sabedores de cantigas e refendas...o importante era a conversa entre arqueólogo e o psicotécnico, do antropólogo, o historiador das artes e os naturalistas... os estudantes e os mozos recién graduados podíamos conversar cos directores das Seccións...; cos mestres universitarios...; cos especialistas...Un diálogo valía por moitas clases e moitos libros. Achegábanse coñecementos, experiencias, sucesos, matinalións*».

A primeira foi a de Monforte, no verán de 1926; en 1927 levouse a cabo polas Terras do Carballiño e do

Ribeiro, e en 1928 deu comezo a primeira campaña de Deza, que se prolongaría ata 1935; en 1929, Terra de Melide, da que xurdiría a publicación do mesmo nome en 1933; e en 1936 afrontaríase a derradeira, en Fisterra.

Cuevillas foi gran defensor deste tipo de traballo en equipo, sentíndose totalmente identificado co seu ideario. Boa mostra é a súa participación en publicacións como *Calvos de Randín*, considerado o primeiro estudo de conxunto do SEG, *Parroquia de Velle* ou *Terra de Melide*. Temos constancia tamén da súa participación en Terra de Deza nas campañas de 1928, 30, 34 e 35, sendo un dos grandes promotores desta xeira como, con paixón, comentou en máis dunha ocasión: «*Temos que superar o que traballamos en Melide... pra que o volume que lle adiquemos saia millor, mais compreto e mais forte que o de Melide*». Nesta xeira participaron todas as seccións do SEG, inclusive as ciencias, polo que respecta á xeoloxía, botánica e zooloxía. Cuevillas consideraba necesaria tamén a presenza dun antropólogo, conseguindo, ao parecer, que nalgunha ocasión os acompañase Lopes Teixeira «*rapaz que ten lido moito, mais ao que falla escola, praitica (sic) e instrumental*», para elaborar táboas de pigmentación e aparellos antropométricos. Este aspecto non debe producir estrañamento, se temos en conta que a antropoloxía física non era materia allea nos traballos de Nós e do SEG, como queda ben patente en *Parroquia de Velle*.

Un motivo de debate foi a delimitación da área territorial que debía abranguer o traballo; de feito, Cuevillas nun primeiro momento, en 1928, propón a concreción do val de Deza e o do Camba, «*dende Dozón ata unha liña mal determinada ao sul de Silleda e dende Faro e o Farelo ata o Candán*». Ao non chegar a acordo, foi necesario nomear un relatorio formado por Filgueira e Bouza Brey para unificar os criterios que seguir na dita delimitación. En 1934, Cuevillas suxire conformarse soamente co concello de Lalín, por adaptarse ben á comarca de Deza, argumentando que, deste modo, ningunha parroquia quedaría fóra do val, excluindo outras rexións xeográficas e históricas, como Dozón, Camba e Trasdeza, ao tempo que, desta forma, se contaría coa vantaxe de que os datos estatísticos xa estaban totalizados, sen ter que desagregar ou que engadir buscando noutros concellos. En consecuencia, anima a Filgueira a decidirse, sen máis vacilacións, polo concello que ofrece mellores vantaxes.

Cuevillas móstrase partidario da planificación dos traballos ata o último detalle, desde os inicios ata a conclusión final, coa súa publicación. Non deixa de man ningún aspecto que puidese repercutir no seu correcto desenvolvemento, pois como tiña comentado en máis dunha ocasión, «*con método,*

*calma e orde adiantarase moito e aforraranse cartos*». Neste sentido, para a campaña de 1928 considera necesario que Antonio Fraguas e Sebastián González García Paz se adianten a recoñecer o terreo para informarse do que se pode atopar, facendo contactos coa xente do lugar, «*recollendo dos amigos que ali temos, datos de castros, eirexas, pazos etc, que nos permitan trazar un pran ordenado de traballo sabendo xa cando cheguemos ali onde imos ir cada un, cada día dos que dure a misión*». Tamén recomenda a consulta previa da cartografía dispoñible: «o dos mapas é unha cousa escelente», insistindo na conveniencia de levar «*un mapa calcado de Fontán con toda-las freguesias e ir anotado nilo o que saía*»; noutra ocasión, comenta que Risco tiña pensado calcar os camiños vellos do mapa de Fontán, pedindo a Filgueira a busca dun plano da vila de Lalín para facerlle un calco. Así mesmo, considera necesario examinar a bibliografía antes da saída ao campo: «*non estará de máis que vaian folleando o Madoz e a España cristiana que poden ourentar moito*». Por último, móstrase partidario da utilización de persoal e aparellos especializados para recoller toda a información da mellor forma posible: «*sería moi bóo levar un fotografo ou pol-o menos un bóo afeitoado*», ou a necesidade de facer debuxos: «*dígalle o Sebastian que procure un dibuxante, ou os dibuxos que Xocas ten pasado a limpo estan optimos. Hai entre iles unhas mantas en cores preciosas*»; do mesmo xeito conta coa colaboración de Amador, «*un rapaz galeguista de eiqui topografo il que levara un taquimetro e un goniometro (sic), instrumentos ambos que nos insinará a manexar e que resultaran utilisimos pros castros*».

Para a campaña de 1934 remítelle ao carteiro de Lalín, José María Calviño Mariño, un escrito mecanografado coa seguinte petición: «*Sr. Cartero de [...] Le agradeceré me remita este impreso indicándome si en esa parroquia existe algún Castro o Mámoa y lugar donde se ecuentran*», que a súa vez o Sr. Calviño, cubrindo o nome da parroquia correspondente, enviou aos diferentes carteiros, os que unha vez consignada a información, cursaron de novo ao carteiro de Lalín, para a súa remisión a Cuevillas. As respostas obtidas permiten a Cuevillas facer unha primeira valoración das mámoas e castros do concello de Lalín, pondo de manifesto que só as parroquias de Cella, Anseán, Muimenta, Val, Donsión, Moneixas, Cangas, Sella e Zobra deron informes negativos no que respecta á presenza nelas de restos arqueolóxicos destas características.

Con esta primeira información, e a recollida de datos nas saídas ao campo, Cuevillas elabora unha especie de cartafol, –conservado xunto ás cartas no fondo documental deste Museo–, reunindo a información de ata 29 castros, procedendo á súa catalogación de acordo ao esquema acordado no SEG. Organizan as

noticias relativas a cada estación baixo as epígrafes: «*emprazamento, defensas, mensuras, observacións, folklore e bibliografía*», sistema que se empezou a utilizar no «*Catálogo dos castros do Val de Vilamarín*» publicado na revista *Nós*.

Como recentemente indicou Xosé Carlos Sierra, a inclusión nestas fichas de catalogación dun apartado referido ao folclore, obedece a unha dobre faciana, na que, por unha parte, orienta a investigación arqueolóxica, pondo a información etnográfica ao servizo da procura arqueolóxica, sinalando posibles indicios de xacementos e, por outra, engrosa un *corpus* documental para a realización de estudos etnográficos *sensu strito*.

En cada cartafol tamén se inclúe a documentación gráfica, cun esbozo de cada castro coa planimetría e cortes de diferentes seccións, realizados a caneta, seguindo unha forma de representación xa utilizada por Martins Sarmento, posiblemente inspirada nos modelos usados polos enxeñeiros militares.

O volume sobre Terra de Deza nunca se chegou a publicar, aínda que en xullo do 36 xa debía estar rematado; temos constancia dalgunha discrepancia ao respecto entre Filgueira e Cuevillas, a vulgar polo comentario deste a Ben-Cho-Shey, no mes de xaneiro: «*Eu coido que os estudos de conxunto interesan e proba é a acollida que tivo o de Melide. Si impera ese criterio leve o demo se sei o papel que eu vou pintar ao Seminario. Non sexa con tanto opinar e tanto aforrar vaíamos a amolalo todo. O de Deza leva custado unha chea de cartos e será parvada tirar co traballo feito*».

A querenza de Cuevillas polas xeiras non decae, e en 1948 coméntalle a Taboada Chivite o proxecto de levar adiante unha nova sobre a comarca da Limia: «*o da Limia e un estudo de conxunto como os que faguía o sempre lembrado e chorado Seminario. Traballaran nil Ferro, Xocas, Alfonso Vazquez, Fariña, Chamoso, Otero, que fará o prologo e o Conde Valvis, de Valverde...*». Este traballo nunca se chegou a realizar. Moitos anos despois, en 2013, desde o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e o Grupo Marcelo Macias, co financiamento da Fundación Barrié, levamos a cabo o proxecto *Patrimonio Cultural da Alta Limia. Discurso histórico e ordenación do territorio*, que se concretou na publicación dun libro do mesmo título e unha páxina web coa catalogación patrimonial de toda a comarca. Un proxecto herdeiro destas xeiras, adaptado á realidade e normativa vixente.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Xulio Rodríguez González


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021

 galicia

 XUNTA DE GALICIA